

Onstopus

<http://bueu.esy.es/Revistas/Onstopus/onstopus.htm>

Xornal: anárquico-independente de Ons / **Saída:** cando lle peta / **Prezo:** nunca albariño caseiro / **Coordina:** Tinóns

Nº125/ Ano: 2026 / 1º xornal Mes de maio/ Estado de Letras Galegas

Para comunicar con Onstopus: tinopardellas1957@gmail.com / celestinopardellas@gmail.com



Celebrouse a 10ª edición da Carreira Pedestre á Illa de Ons. Todo un éxito. Páx. 1



Parece que van a bo ritmo os arranxos que a Xunta leva no barrio de Curro. Páx. 1



RUTA XACOBEA MARÍTIMO-TERRESTRE-FLUVIAL

Aínda que sexa paseniñamente, conseguiremos que a Xunta valore a Ruta Marítima dende a Garda. Páx. 2



Achados interesantes no fondo da ría de Vigo, entre Rande e San Simón. Habería que tomar nota, non? Páx. 2



Segue habendo fallos no Catálogo do Litoral de Bueu-Ons. Páx. 5



Deixounos Fernando Cabeza Quiles, unha perda importante para o estudo da toponimia galega. Páx. 3



Capela de Canexol. Despois do arranxo, que? Páx. 3



Caballero, Parque nacional e Patrimonio da Humanidade. Páx. 4



Volveu saír á luz o "Muíño do Castelo". Necesaria investigación e Panel informativo. Páx. 6

A Mesa por Ons, volveu a xuntarse. Resultados, nin arre nin xo. Páx. 6 (Foto reunión 2025)



Breves:

- Ons na Memoria. Páx. 4
- Reunión de familias aunienses. Páx. 4
- Pazo de Cortegada. Páx. 5
- Páxina Enogastronómica. Páx. 7
- Parque Nacional arqueolóxico. Páx. 8
- Actividades do Parque en Ons. Páx. 8
- Parque Nacional Activo. Páx. 9
- Reunión A. Portuaria-M. Ambiente. Páx. 10

Carreira pedestre “10ª Volta á Illa de Ons” abril de 2026



10ª CARREIRA E ANDAINA “VOLTA Á ILLA DE ONS”

Ao día seguinte de entregar o anterior Onstopus, celebrouse en Ons a Carreira Pedestre e a Andaina na súa décima edición.

Dicir que tivo un éxito rotundo, tanto en participación nas dúas modalidades, como de asistencia á Illa de persoas vinculadas ao deporte que quixeron pasar un día solleiro visitándoa e animando aos corredores/as. Segundo os datos que me pasaron, xa que non puiden asistir, os gañadores foron os veciños de Cangas: Álvaro Prieto (homes) e Leticia Vilas (mulleres).

Antes da proba os organizadores homenaxearon a Roberto Riobó, atleta do Club Bueués **CORREDOIRAS**, organizador da proba.

Excelente organización que demostra todo o que se pode facer en Ons respectando a biodiversidade e fóra da tempada estival.

PARABÉNS para o club CORREDOIRAS

ARRANXOS NO BARRIO DE CURRO

Dende logo, temos que dicir que é increíble a velocidade á que vai a empresa agora para rematar as obras de Curro, obras que levaban dous anos a paso de tartaruga. Non sei que pasa coas obras da administración, o retraso é un costume.

Aquí vemos a día de hoxe 30/04/2026 a porta nova da igrexa e o camiño de empedrado case rematado, porque supoñemos que termina no cruce co camiño de rodeiras cara a Pereiró. Parabéns a quen corresponda.



Anos levamos solicitando á Xunta de Galicia que a Ruta Xacoba Marítima comezara, en Galicia, na Garda, seguindo así a singradura que fixeron os discípulos do apóstolo Santiago co seu corpo ata Iria Flavia.

Solicitamos na revista **AUNIOS**, dende antes do 2001, que esa Ruta Xacoba, que lle puxemos de nome das Illas Cassitérides, se realizara en barco, que fixera escala nos portos principais para percorrer os seus lugares singulares e que tivera arribada obrigatoria nas illas que forman o Parque Nacional,.

E, en varias ocasións propuxemos (ultimamente na revista Aunios nº 31) antes de que se fixera popular a Ruta Portuguesa pola Costa, que os que non dispuxeran de embarcación, fixeran a Ruta Xacoba das Illas Cassitérides, mesturando terra e mar (andando e viaxe en barco), en varios tramos e con visita obrigada ás illas atlánticas.

<https://viladebueu.eu/Revistas/Aunios/31/20-Redaccion.pdf>

Pois ben, parece que imos tendo sorte, aínda que moi lonxe da nosa proposta, pero algo é algo. Aquí temos unha proposta dunha empresa privada partindo dende Oporto, dunha semana de duración a bordo:

<https://www.nauticocean.com/blog/el-camino-de-santiago-por-mar/>

Outra proposta é a Travesía Náutica Xacoba 2022, peregrinando a vela dende Cádiz a Santiago:

<https://www.diarioluso-galaico.com/articulo/turismo/peregrinacion-vela-cadiz-galicia/20220529234731028246.html>

Poderíamos nomear algunha máis, pero quero deixar espazo para unha nova proposta da Xunta de Galicia coñecida como: **Primeiro Camiño do Litoral** que pretende percorrer uns 1300 km ao longo de toda a costa galega, dende Ribadeo ata Tui dividida en 52 etapas:

<https://www.xunta.gal/es/notas-de-prensa/-/nova/020699/xunta-anima-descubrir-galicia-traves-del-camino-litoral-disenado-para-vertebrar>

Se lle botamos unha ollada aos enlaces, vemos que a idea dunha Ruta Xacoba por mar e pola costa vai resultando.

Teño a completa seguridade que a “Ruta Xacoba Marítimo-Terrestre-Fluvial das Illas Cassitérides”, seguindo a lenda da navegación levada polos discípulos do Apóstolo, partindo dende a Garda percorrendo parte da Portuguesa pola Costa, visitando as illas atlánticas, seguindo polas rutas do Paí Sarmiento e Valle Inclán, remontando o Ulla e collendo por último a Ruta Portuguesa para finalizar en Santiago, pronto será unha realidade .

Só falta que a algún iluminado, vinculado coa Xunta e o tema Xacobeo, se lle ocorra promocionala



Última proposta da Xunta de Galicia.



Aparecen un bo número de pezas entre a Ponte de Rande e a Enseada de San Simón, na ría de Vigo. Estanas a recoller os mariñeiros que andan co rastro da vieira: “**Muchos de los marineros de Cangas están muy interesados en la recuperación de estas piezas -la gran mayoría de los platos están rotos- y en su conservación para poder exponerlas un buen día y que se haga un estudio de su origen. Es conocido que el fondo de la ría, sobre todo en esta zona, está llena de pecios**”. Algo verdadeiramente interesante do que habería que tomar boa nota.

DEIXOUNOS, O COLABORADOR DE AUNIOS, FERNANDO CABEZA QUILES

Cando aínda estabamos despedindo a Marita (Onstopus nº 124), chega a triste nova do falecemento de **Fernando Cabeza Quiles**, por mor dunha caída en bicicleta.

Fernando era diplomado en Maxisterio e licenciado en Filoloxía Hispánica a carón de escritor e especialista en toponimia.


Contactou con Pineiróns no ano 2006. Aunios nº 11, despois de coñecer a nosa revista por mor dunha das súas múltiples investigacións. Propúxonos colaborar cun artigo sobre a súa especialidade, titulado: “*A toponimia da Illa de Ons*”. A partires de aí converteuse nun dos nosos colaboradores máis importantes para coñecer o tema da Toponimia da Illa, ata o ano 2018.

Coñecino persoalmente cando presentamos a revista na goleta “Nieves”, fronte a Illa de Ons e, nesa singradura dende o Grove ata Ons, tivemos tempo de falar e propúxenlle, debido a que tiñamos un traballo feito, bastante interesante, sobre a toponimia marítima da Illa, facer un traballo en Aunios, onde nós facilitabámoslle os topónimos por espazos delimitados e el daba a súa versión sobre a orixe de cada topónimo, á vez buscabámoslle a información que nos solicitaba. O primeiro deses traballos foi no ano 2009, nº 14 co título: “*A hidronimia da Illa de Ons. Parte leste, dende o peirao á praia de Pereiró*”. Seguiuse nos anos seguintes ata o 2011, nº 16. Cando estabamos na zona sur de Ons, Fedorentos, decidiu, por diferentes razóns, non seguir con ese traballo, pois era moi laborioso e había que dedicarlle moito tempo para facelo dun xeito o máis científico posible.

Seguiu escribindo sobre temática toponímica ata o ano 2018 en que, por mor do inmenso labor investigador e editorial que tiña, deixou de colaborar.


Para este próximo último número de AUNIOS (2027) íámoslle propoñer unha colaboración onde expuxese a enorme importancia do coñecemento do significado dos topónimos, co fin de solicitar, posteriormente, unha axuda a Parques ou ao Concello de Bueu, para que lle patrocinaran unha exhaustiva investigación sobre o significado dos topónimos aunienses.

O fatal desenlace deixou orfo este traballo. Unha aperta á súa familia.



Arriba: Fernando Cabeza Quiles.

Abaixo: Na goleta Nieves fronte á Illa de Ons.



RESTAURACION DA CAPELA DE CANEXOL

A mediados da década de 1990 as dúas igrexas de Ons estaban nun estado bastante calamitoso. Foi por iso que a directiva da AA.VV “Illa de Ons” decide, por petitorio entre os veciños, arranxar a capela de Canexol; e así se fixo. Aínda que nun principio leváronse as imaxes para ela e no día de San Xaquín celebrouse alí a misa, o certo é que durante máis de 30 anos, estivo pechada, sen celebrarse nela actos relixiosos nin culturais, agás cando o famoso pintor **Dario Álvarez Basso**, solicitou ao párroco de Beluso poder utilizala durante un verán e gardar nela os enormes lenzos que empregaba para as súas obras. O párroco deulle permiso e, despois de forrar o chan con plásticos, limpar o interior da capela, e mantela moi pulcra, empregaba o interior para almacenar e protexer os lenzos e pintaba no exterior, na esquina noroeste onde non había sepulturas. Podemos dicir que ese ano, a capela tivo, polo menos, un uso cultural.

Agora e por petición veciñal, vaise rehabilitar grazas a un proxecto conxunto entre as Consellerías de Cultura e M. Ambiente cun presuposto inicial de 180.000 €, que agora aumentou a 270.000 € debido a que acollerá, segundo din, actividades relacionadas co Parque Nacional. Esperemos que así sexa, pois gastar semellante cantidade de cartos para que volva a estar pechada outros 30 anos, sería vergoñento.



Dario Álvarez Basso en Ons. Década de 1990



ONS NA MEMORIA

PROCESIÓN E MISA NA RESTAURADA CAPELA DE CANEXOL NA DÉCADA DE 1990

Despois de restaurada a capela de Canexol polos veciños, celebrouse, nas Festas de San Xaquín, a misa e a procesión, ao igual que se facía noutros tempos pretéritos.

Tivo unha enorme participación e alí se deron cita todos os veciños que abarrotaron a capela, tendo moitos que escoitar a misa dende o exterior.



REPRESENTANTES DE CATRO FAMILIAS AUNIENSES

Na ponte do 1º da maio, moitas familias aunienses, aproveitando o bo tempo, achegáronse ata a illa para abrir as súas casas e pasar uns días de lecer.

Aquí vemos ás matriarcas de catro familias nunha das paroladas que acostuman a ter polas tardes nalgunha das súas vivendas.

Aí estaban: Rosa Reboiras, Carmen Patiño, Pilar Golobardas e Chefa Patiño, na vivenda de Rosa no barrio de Caño.

Os ganapáns preparados para logo ir á seca!!!

SALGADOIRO DE SUXESTIÓNS

Caballero, Patrimonio da Humanidade e Parque Nacional

Este comentario que me trasladou un lector, ten que ver co escrito no Onstopus nº 124 sobre a discriminación de Xuventude con respecto a Ons cos Campos de Voluntariado.

“Qué razón tienes Pardellas cuando escribías que la Xunta le tiene un miedo, político, al alcalde de Vigo con respecto a las Cíes. Hoy sale en la prensa, como acusa a la Xunta de devaluar las Cíes por proponerlas como Reserva de la Biosfera, cuando lo que él solicita es que sean, unilateralmente, Patrimonio de la Humanidad y Geoparque Mundial.

Llama la atención que con respecto a la propuesta de la Xunta sobre Patrimonio de la Humanidad para todo el Parque, lo califica de Candidatura Clandestina, ya que no lo conseguirán por la oposición de los vecinos de Ons.

Estoy de acuerdo contigo en que los Campos de Voluntariado siguen en Cíes gracias a Caballero, por el miedo político que le tienen en la Xunta; en Ons, son necesarios, pero no los conseguirán. ...”

Grazas pola túa suxestión. O do Campo de Voluntariado é unha pena, xa que Ons necesítao tanto como as Cíes, por iso as dúas illas, e se me apuras, tamén Sálvora e Cortegada, deberían telos durante a etapa estival.

<https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2026/05/08/abel-caballero-acusa-xunta-devaluar-129996725.html>

O de Patrimonio de Humanidade, xa o teño tocado, cando decidiron na Xunta poñerlle de nome:

“Cíes, Parque Nacional das illas Atlánticas, Patrimonio da Humanidade”, coido que está dito todo.




CATÁLOGO DO LITORAL DE BUEU-ONS

Recomendo ler antes este enlace que ten que ver coa primeira saída deste Catálogo elaborado pola Xunta e que, de novo, vén a demostrar o pouco interese que lle poñen á hora de levar a cabo un traballo, tan importante como este.

Supoñemos que alguén cobrou por facelo e, tamén, que a Consellería de M. Ambiente, con todo o persoal que ten, debería revisalo, sobre todo no que respecta á **Illa de Ons**, que son os que a xestionan. Na primeira entrega houbo fallos e na segunda, despois de recibir as alegacións, segue habendo.

<https://viladebueu.eu/Revistas/Onstopus/116/onstopus-116.pdf>



En vermello, a capela de Canexol.

En amarelo, un dos piornos da baixada á praia.

En branco o conxunto, non catalogado, da Casa Agrícola e os dous grandes piornos de Canexol. Incrible.

Como xa comentabamos nese Onstopus, coidamos que Ons, e as demais illas atlánticas, polo seu tamaño en longo e ancho, deberían ter catalogado todo o seu Patrimonio Material e Inmaterial e non só unha pequena parte, a máis achegada á costa. Un verdadeiro desastre de xestión da Xunta.

Resulta que uns piornos situados ao lado da costa están incluídos, como pasen uns metros cara ao interior, non; cando se medimos o espazo que queda entre a banda leste e a oeste de Ons, ou de calquera illa do Parque, o que queda no medio, que é pouco en espazo, xa non é catalogado. Para os iluminados da Xunta, xa non teñen valor patrimonial nin cultural. Así estamos dirixidos.

Pois ben, xa non vou a entrar a facer unha crítica construtiva desa Catalogación, hai expertos e políticos municipais que deberían facelo, se verdadeiramente se preocuparan polo seu territorio municipal, pero si, como xa comentara no Onstopus sinalado anteriormente, quero dar a miña suxestión sobre unha falla importante desa Catalogación.


En Ons, o **barrio de Canexol**, temos que consideralo como un dos máis importantes, cultural, etnográfico e arqueolóxico desta illa. Pois resulta, que Catalogan un par de pequenos piornos a carón da baixada á praia, o xacemento de salga romana no cantil e a carón do camiño, un pouco máis elevado, o castro dos Mouros e á mesma altura, pero en dirección norte, a antiga Capela, pois ben, entre a Capela e os piornos pequenos da baixada á praia, hai dous monumentos importantísimos, que, os da Xunta e M. Ambiente, non catalogan. Que incongruencia!!!

Pois nese espazo está a antiga **Casa Agrícola** do Marques de Valladares, que posteriormente pasou a ser, na súa parte baixa **escola** e no piso de arriba, **casa dos mestres e reitoral** (casa do cura). Mesmo detrás desta casona, mirando cara á Capela, hai dous enormes **Piornos**, dos máis grandes da provincia de Pontevedra e, situados nunha illa (poden ver o conxunto na foto da portada deste número) e, sen embargo, non son catalogados.

Alguén entende isto? Catalogar un Patrimonio dunha pequena illa como Ons, e os encargados non foron quen de facelo adecuadamente e os que tiñan que revisalo, tampouco.

Vou deixalo así, coido que hai importantes profesionais e expertos que terían que dicirlles algo aos que realizaron este Catálogo, se non o fan, que vou facer eu. Así está o mundo político-cultural galego.

<https://estaticos-cdn.prensaiberica.es/epi/public/content/file/original/2026/0413/18/catalogo-litoral-bueu-pdf.pdf>



Pasáronme esta foto aparecida en Facebook e que no texto poñía: “**Un impresionante proyecto de un Pazo (Palacio) destinado a Alfonso XIII para construir en la isla de Cortegada en la entrada de la Ría de Arosa que no pasó de la mesa de dibujo. Impresionante edificio**”.

O curioso, segundo me comentaron, foi que nun principio, no texto, situaba este proxecto na Illa de Sálvora, pero posteriormente o autor da noticia, Germán Malvido, e despois dos comentarios que xurdiron, rectificou, situando este proxecto na illa correspondente, Cortegada, que agora pertence ao único Parque Nacional de Galicia.

REUNIÓN DA MESA POR ONS, ABRIL DE 2026

Despois de case un ano, reuniuse de novo a *Mesa por Ons* para tratar os temas que incumben aos veciños desta Illa, a única habitada do Parque Nacional. De novo, os asuntos da Orde do Día foron tocados por enriba e só houbo algunha promesa, quedando en reunirse máis adiante. **Conclusión**, despois dun ano e con case as mesmas cuestións da reunión anterior, nada se avanzou, a problemática segue igual, o que demostra a apatía e pasividade para buscar solucións, por medio do diálogo, por parte dos representantes da administración e xestores do Parque.

Non vou a entrar a comentar a temática que se pretendía debater nesa reunión, coído que todos os puntos foron tratados neste minixornal ao longo destes anos, o que si vou a expresar son as miñas **modestas suxestións** para que esas reunións teñan un mínimo efecto máis positivo:

1º.- É importante que as partes teñan **interlocutores** que coñezan o tema Ons e estean dedicados a el. A Consellería, Parques e o Concello de Bueu, deberían ter un funcionario que se encargara, xunto a outras tarefas do seu posto, de especializarse neste tema e así asesorar aos representantes políticos antes destas reunións, sobre todo se non coñecen a problemática ou non están ao día e, á vez, estea encargado de manter asiduamente conversas coas partes implicadas.

2º.- Esta Mesa debería **reunirse dúas veces ao ano**. Unha sobre o mes de novembro, para analizar os resultados dos proxectos do ano e ver o que hai que resolver antes do verán e outra, no mes de maio, para profundar sobre o realizado e o que se necesite para a tempada estival.

3º.- Antes de cada reunión, os interlocutores deberían poñerse de acordo para ver e estudar os **temas máis importantes a levar á Mesa** e así consensuar a **Orde do Día**, con cuestións que propón a administración e coas que expoñan os veciños. E aínda quedaría o punto de Rogos e Preguntas para algunha cuestión de última hora.

4º.- O alí tratado e os compromisos alcanzados, deberían **quedar reflectidos por escrito e asinadas polas partes**, pois do contrario, todo se converterá en <laretada que non vai a ningures> (Así o afirmou, no seu día, o Sr. Feijoo en posibles acordos coa administración central)

5º.- ... Se algunha suxestión queda no tinteiro, que sexan as **partes implicadas quen as escriban** e, se o diálogo e a boa disposición non existe, só queda a saída á rúa para protestar polos dereitos que negan aos veciños. ...



Foto da reunión da Mesa por Ons 2026. Faro de Vigo: Marga G. Brea.

PARQUES E O PROFESIONAL GRUPO DE TRAGSA, LIMPARON A ZONA DO MUÍÑO DA RUTA DO CASTELO DA RUEDA

10/05/2026



Cunha enorme alegría recibimos a nova de que os magníficos traballadores de Tragsa destinados en Ons, con axuda para a súa localización entre tanta maleza, dos vixilantes do Parque, limparon a zona onde se atopa o Muíño do Castelo.

Unha peza interesante, dentro do Catálogo do Patrimonio Material de Ons, e que debería ser coidada e, sobre todo, estudada exhaustivamente, para dar información aos visitantes que, por esa Ruta, camiñan e que se atopaba moi depauperada en recursos a ensinar.

Coido que despois do seu estudo, debería manterse sempre limpa.

Importante agora, é ver se necesita un pouco máis de limpeza para que o seu conxunto estea á vista e facilite a observación dos visitantes e, dende logo, nun primeiro intre, unha pequena **senalización** (Panel informativo) para que os usuarios da Ruta saiban que son eses restos. Máis adiante o Parque debería potenciar o estudo desta construción.

PÁXINA ENOGASTRONÓMICA



Xuntanza informal de <intelectuais> mecos, e algún engadido, na Casa-Pazo do biólogo e pintor Jacobo Fernández, onde, á vez de degustar uns caldos da zona do Salnés e un saboroso Pata Negra, analizaron as problemáticas máis importantes da bisbarra do Salnés e, como non, da Illa de Ons.

REUNIÓN GASTRONÓMICA NA ATALAIÁ DE JUAN CASTIÑEIRAS, EN POIO

Hoxe día 14 de maio tivemos a sorte de reunirmos varios amigos na casa-atalaia do cociñeiro e micólogo *Juan Castiñeiras*.

Aproveitei para, no nome de PineirÓns, darlle as grazas pola súa participación, cun magnífico artigo de título: “*Saldóns*”, na penúltima revista cultural AUNIOS nº 31, e repartir un bo número de revistas pola zona de Poio.

Na reunión estiveron presentes, a carón deste que escribe e o propio Juan, Suso Maquieira, o amigo de estudos noutros tempos pretéritos, Manolo Cajiao, o cociñeiro de Terra de Montes Antonio Bugallo, Juan Castela e José Castiñeira.

O menú foi do máis peculiar. Aquí deixo a succulenta carta. ***Pura Ambrosía:***

-Sesión de viños do Val de Aios con viandas varias, traídas por Antonio Bugallo.

-Seguido de Cremoso de cantharelas con fabas do Vesubio e vermú “Mexo de Vella” de castes brancas.

-Pratos principais:

Comezamos cun entrante de callos cociñado por Antonio Bugallo. Exquisitos; puro sabor Terra de Montes.

Seguido de, peixe variado, guisado ao estilo galegado, con patacas novas “especialidade Cajiao”, AOVE de Mogón e pan de trigo-centeo, choros da terra.

Todo regado con albariño branco do val de Aios, e tinto “Mexo de Vella”, especialidade do Val de Poio.

-Sobremesa: Era para tomar, unha mighallada de pan de aproveitamento con ovos de galiña de esterco, made in do mestre Antonio, regado con “Mexo de Vella”, tinto de castes bravús, fóra de concurso. ***Aínda que logo se cambiou a:***

“Requesón de leite de cabuxa con mel de xesta e Cantharellus tubaeformis, caramelizados con flores de bieiteiro e cítricos. Máis que Ambrosía.

-Rematando con: Tés, mansanillas probióticas, café ao birulé, caña para as moas e un delicioso Licor café caseiro, made in, Juan Castiñeiras.

Que lle vou contar, a Ambrosía quedou atrás.



PARQUE NACIONAL ARQUEOLÓXICO

Temos que agradecer ao *Director do Parque*, a boa disposición para que se estea desenvolvendo en todas as illas, aínda que principalmente en Cíes e Ons, un *Programa e Actuación Arqueolóxica*, que se levaba solicitando dende hai máis de 60 anos, por especialistas vinculados ao mundo cultural galego, por asociacións e estudosos. Estas actuacións, e todo o positivo que está saíndo á luz, demostran que as illas do Parque teñen unha *importancia Histórica e Arqueolóxica* interesantísima, polo que a *administración política galega e os xestores do Parque*, non poden obviarlas, como se fixo ata agora, en favor da parte biolóxica e medio-ambiental, coido que estas dúas peculiaridades das illas, xunto coa que eu considero *crucial*, en necesidade de investigación, a **ETNOGRÁFICA**, hai que pór empeño e dar axudas pois, de non facelo agora, perderemos a grande oportunidade de coñecer a Cultura Popular, non só de Ons como a máis interesante do Parque, senón tamén das demais illas que estiveron habitadas: Sálvora, Cortegada e Cíes.

Ao longo do tempo, en moitos campos de investigación, botamos as mans á cabeza porque, cando se puido estudar, non se fixo, e importantes partes da nosa cultura quedaron esquecidas para sempre.

Agora, con respecto á *Cultura Popular de Ons* e demais illas do Parque, aínda é posible, poder recuperar parte do tempo perdido. En mans dos políticos autonómicos actuais, dos responsables do Parque e do concello de Bueu está o intentar levalo a cabo; de non facelo, os seus nomes e apelidos, quedarán para a historia, como os que tiveron a oportunidade de conseguilo e non o fixeron; pasando a formar parte da:

MEMORIA HISTORICA DO ESQUECEMENTO ETNOGRÁFICO DO PARQUE NACIONAL I. ATLÁNTICAS.

XUNTA DE GALICIA
EL PARQUE NACIONAL DE ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA

CONCURSO DE FOTOGRAFÍA

Como ves ti as gaivotas?

Prazo de presentación do 1 ao 31 de maio de 2026

As fotografías deben ter como suxeito as gaivotas e a súa relación co medio tanto natural como humano en Galicia, reflectindo a visión persoal do/a participante sobre elas.

Premiaráanse 8 fotografías cunha excursión guiada para dúas persoas (gaiteiro/a e acompañante) ás Illas Cíes o día 21 de xuño de 2026.

Formato: JPEG, tamaño máximo 10 MB. Sen marcas de auga, sinaturas ou logotipos.

Participación libre e gratuita. Os participantes deben ser maiores de 18 anos. Só unha fotografía por participante.

Envío de fotografías: [QR code]
Bases do concurso: [QR code]

O Parque Nacional programou unha actividade interesante co título: “*Como mirades vós ás gaivotas?*” e “*Como credes que podemos coñecelas e convivir mellor?*”. É un Concurso Fotográfico cuxo protagonista son as gaivotas e a súa relación co medio natural e humano en Galicia, reflectindo a visión persoal dos participantes sobre elas.

Interesante. Para participar pñer-se en contacto co:

<https://illasatlanticas.gal/es/actividades>



PROGRAMA EDUCATIVO DO PARQUE NACIONAL

Interesante actividade que se realiza no Centro de Interpretación e nos propios colexios se o solicitan.

Dende o Parque consideran prioritario acercarse ao público escolar, para iso, o Equipo de Uso Público do Parque deseñou unhas actividades didácticas para todos os niveis educativos dende Infantil ata formación Profesional, pasando por Primaria, Secundaria e Bacharelato.

Hai pouco, varios dos colexios que participaron no Programa, realizaron unha visita guiada a varias illas do Parque.

O Parque Nacional permitíume engadir estas fotos para comentar a noticia.

Son interesantes para demostrar a importancia que ten desenvolver estas actividades nas propias illas.



Esquerda: Unha das Guías do Parque explica aos rapaces a fauna do cantil a través dun panel interpretativo e en vivo, ao atoparse na propia illa.

Dereita: Os nenos teñen acceso ao Centro de Visitantes onde lles poderán explicar o alí exposto e, seguro, ver algún documental sobre algún aspecto da comunidade insular. Sería moi importante que ese Centro estivese dispoñible todo o ano, para as diferentes excursións con guías que se desenvolven na tempada invernal organizadas polas navieiras.

PARQUE NACIONAL ACTIVO

Tanto Dende a asociación PineirÓns como eu mesmo por diferentes medios, vimos solicitando aos xestores do Parque, que as illas que o forman teñan unha actividade, tanto na época forte do verán como nas demais estacións do ano, pero, que quede claro, nas propias illas e non só no Centro de Interpretación de Vigo.

Para que isto poida levarse a cabo, coido, que todas as persoas que traballan no Parque, coa necesaria presenza dun *Técnico Cultural Dinamizador*, e todos coordinados polo Director do Parque, ao final do ano, deberían ter preparado, despois das reunións que fagan falla, unha *Programación Anual Activa* a desenvolver nas illas para o ano seguinte; sendo esa planificación o punto de partida, á que se sumarán os proxectos, xornadas, exposicións,..., que poidan ir xurdindo, *a maiores*, ao longo do ano; pero repito, a desenvolver nas illas, xa que *o Parque está formado por illas* e non por un Centro en terra firme.

Aquí imos presentarlle dous exemplos de iniciativas, por empresas privadas, coa colaboración do Parque: Unha do Grupo Acuña e outra de Chelonia, propostas interesantes para desestacionalizar e activar o Parque Nacional.

A de *Chelonia* poden vela neste enlace: <https://chelonia.es/.../muestreo-basuras-marinas.../>. A outra, do *Grupo Acuña*, é unha máis das que levan facendo ao longo do ano, con moi bo criterio: desestacionalizar, evento, ruta e animación. Estas son *ideas*, das moitas a propoñer, que deberían desenvolverse nas illas do Parque ao longo do ano, organizadas polo propio Parque Nacional.

ONS, OUTRO ESPAZO ÚNICO PARA OBSERVAR O ECLIPSE

El próximo 12 de agosto de 2026 te invitamos a vivir una experiencia irrepetible: observar el eclipse solar desde uno de los lugares más mágicos de Galicia, la Isla de Ons 🌅🌟

Nace ECLIPSE EXPERIENCE ONS360, una aventura diseñada para disfrutar del eclipse en plena naturaleza, con travesía en barco, ruta guiada, acceso a zona de observación y una velada especial en la isla 🌙

Salida desde:

📍 Bueu

📍 Portonovo

La experiencia incluye:

🌟 Acceso a la Isla de Ons

🌟 Ruta guiada

🌟 Zona de observación del eclipse

🌟 Gafas homologadas

🌟 Cena en Casa Acuña

🌟 Coordinación y acompañamiento durante toda la jornada

🕒 Regreso previsto: 23:30 h

Un evento para mirar al cielo, desconectar y vivir algo que recordarás siempre.

Reserva ya tu plaza:

📞 986 44 16 78

✉ info@vioviajes.com



VOLUNTARIADO NO PARQUE NACIONAL

Formación e práctica de mostraxe de lixos mariños e limpeza de praia na illa de Ons (Area dos Cans)»

PROGRAMA

Sábado 16 de mayo de 2026

10:00. Encuentro en el puerto de Bueu ([Google Maps](#))

10:30. Salida del barco hacia Ons

11:15. Subida al camping y acomodación en tiendas glamping compartidas

12:15. Presentación e introducción actividades

13:15. Comida

15:00. Formación teórica sobre basuras marinas y muestreo

17:45. Visita del Centro de Visitantes de Ons

18:15. Recorrido opcional del sendero norte de la isla (Faro y playa Melide; 6-7 km).

20:30. Cena

Domingo 17 de mayo de 2026

08:00. Desayuno

09:15. Práctica de muestreo en la playa Area dos Cans

12:00. Descanso

12:30. Limpieza de playa y zonas adyacentes

14:30. Comida

16:00. Recorrido opcional del sendero sur (mirador de Fedorentos y Buraco do Inferno; 6 km)

18:30. Llegada a la zona del puerto

19:30. Barco de retorno a Bueu

Chelonia aportará todo el material necesario para el desarrollo de la actividad y cubrirá los gastos del barco, alojamiento y manutención.

Se cubre:

Billete de barco de ida y vuelta.

Alojamiento (noche del sábado al domingo en tiendas glamping compartidas).

Comida y cena del sábado; desayuno y comida del domingo.

Para cualquier duda o más

información: director.proyectos@chelonia.es

FARO de ONS

Aquí estou, medio agochado, á escoita das conversas entre a Conselleira de Medio Ambiente e o meu xefe, o Presidente da Autoridade Portuaria de Marín e Ría de Pontevedra.

Están a tratar o meu futuro como Espazo Cultural. Parece que a entrevista vai por bo camiño.

Ogallá pronto sexa un referente cultural no Parque Nacional.

